


Castelão

e as
cruces
de pedra



R. 26755
GA110854

Castelao e as cruces de pedra



MUSEO DE PONTEVEDRA
1999

Proxecto

MUSEO DE PONTEVEDRA

Montaxe

MUSEO DE PONTEVEDRA

Deseño e Maquetación

XOSÉ MANUEL CASTAÑO GARCÍA

Textos

XOSÉ CARLOS VALLE PÉREZ

Impresión

LITOSPRINT, S.L.

Depósito Legal


PO-436/99

ISBN

84-930924-5-2

© MUSEO DE PONTEVEDRA

*Ilustración da Capa:
Detalle da lám. 4 do Álbum Nós*



A creación, o 30 de decembro de 1927, do Museo de Pontevedra, foi unha das grandes iniciativas auspiciadas pola Corporación Provincial de Pontevedra presidida por Daniel de la Sota. Culminaban nesa decisión os anxeios dun grupo de pontevedreses, de orixe uns, de adopción outros, entre os que se encontraba Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Membro do seu Patronato fundacional, contribuíu decisivamente tanto á súa consolidación como ó seu paulatino desenvolvemento. Dooulle en vida moitas obras e deixou tamén instrucións moi precisas ós seus familiares máis directos e ós amigos máis próximos para que actuasen con respecto a el dun xeito semellante.

Esas aportacións, ás que hai que engadir outras de procedencia moi dispar, todas igualmente valiosas polo que comportan de concentración de esforzos nunha mesma dirección, explican que o Museo de Pontevedra, que se sente privilexiado por contar a

Castelao entre os seus máis firmes valedores, sexa hoxe o maior posuidor de recordos, documentos e creacións artísticas da súa autoría.

Próximo xa a cumprirse o cincuentenario do seu pasamento, feito acaecido en Bos Aires, o 7 de xaneiro de 1950, esta exposición sobre a súa relación coas cruces de pedra, un, seguramente o que máis desde o punto de vista investigador, dos campos predilectos do seu fecundo quefacer intelectual, é só unha, a primeira por orde cronolóxica, das moitas iniciativas coas que o Patronato do Museo de Pontevedra, que hoxe me honro en presidir, pretende contribuír a realzar como se merece durante o ano de conmemoración desa efeméride, o 2000, a memoria dun dos seus máis egregios membros.

MANUEL ABELEDO LÓPEZ
Presidente da Deputación e do
Patronato do Museo de Pontevedra

CASTELAO E AS CRUCES DE PEDRA

O 3 de novembro de 1923, no transcurso da súa segunda sesión de traballo, foi elixido Castelao, xunto con Vicente Risco e Antonio Losada Diéguez, membro do recentemente creado Seminario de Estudos Galegos. O seu ingreso neste prestixioso organismo, coincidente co do preclaro Arcebispo de Santiago Manuel Lago González, produciuse o 4 de maio de 1924. Leu entón, con tal motivo, un precioso texto que, co título de *A carón da natureza* e a modo de prólogo, había de incorporarse ó primeiro libro, aparecido na Coruña en 1926, de *Cousas*¹.

Comezo con esta referencia ó ingreso de Castelao no Seminario porque, como el mesmo sinala nas *Verbas limiares* do seu monumental libro sobre *As cruces de pedra na Galiza*, na súa incorporación a ese Centro de estudos áchase a orixe do seu interese polos cruceiros², un elemento esencial «*da nosa arte popular aínda non estimado como cousa importante*»³.


Non era novo, sen embargo, o afecto de Castelao polas cruces de pedra e moi en particular pola súa versión máis xenuína, grandiosa e consubstancial a Galicia: os cruceiros. Unha aproximación á súa produción artística anterior a 1923-1924 demóstrao dun xeito contundente. Baste recordar aquí, en apoio desta afirmación, só un dato: un cruceiro-ou, mellor, un remate de cruceiro- é, de feito, o protagonista dunha das obras, o debuxo número 19, do *Álbum Nós*, conxunto realizado, como Castelao escribe no prólogo-presentación, entre 1916 e 1918, exposto por primeira vez en marzo de 1920, na Coruña, e publicado tardíamente, en Madrid, en 1931⁴.

O ingreso no Seminario, creación ilusionada e ilusionante da intelectualidade máis comprometida coa cultura do país, no seu afán por facerse merecedor do honor que con tal decisión se lle dispensaba, propiciará un salto cualitativo na maneira de aproximarse Castelao a estes singulares monumentos pétreos. Veraos a partir de entón non só como compoñentes máis ou menos destacados da paisaxe ou como in-

gredientes ambientais máis ou menos protagonistas das súas obras, senón, fundamentalmente, como obxectos de investigación. A este labor de estudio e indagación sobre o seu ser e a súa proxección dedicará Castelao no sucesivo, practicamente xa ata o día da súa morte, con interrupcións impostas forzadamente por acontecementos de carácter moi dispar, boa parte dos seus moitos esforzos.

Como teño sinalado xa noutros lugares⁵, son tres os fitos esenciais que, con posterioridade ó xa indicado, hai que recordar ó analizar globalmente as aportacións de Castelao en relación coas cruces de pedra: 15 de maio de 1930, 25 de xullo de 1934 e decembro de 1949.


A primeira data citada é a da publicación en Pontevedra, nos talleres Antúnez, auspiciada polo Seminario de Estudos Galegos, quen a



Cuberta da memoria mecanografada sobre *Las cruces de piedra en Bretaña* presentada por Castelao, en 1929, á *Junta para Ampliación de Estudios*.

AS CRUCES DE PEDRA


asume a petición de Castelao por non ter este medios económicos suficientes para facelo por si mesmo⁶, do seu fermoso libro *As cruces de pedra na Bretaña*. Resume neste traballo a minuciosa información (gráfica e bibliográfico-documental) recollida por el durante os catro meses que, entre a primavera e o verán de 1929 e mercé a unha pensión da «Comisión de Estudios en Galicia», sección da afamada *Junta para Ampliación de Estudios*, pasou, en compañía da súa esposa, Virxinia Pereira, naquel territorio do noroeste francés, repleto tamén de cruces pétreas, similares nuns aspectos, moi diversas, en cambio, noutros, das galegas, sendo a necesidade de coñecelas e valoralas «in situ», xustamente, a causa esencial da súa viaxe⁷.



Folla pertencente ó *Álbum de Bretaña* de Castelao.

O segundo día sinalado é o do seu ingreso como Membro de Número na Real Academia Galega. Versou o seu discurso de entrada

na reputada Corporación sobre *As cruces de pedra na Galiza*. Esta disertación, á que respondeu Antón Vilar Ponte, non foi publicada, en contra do que é habitual, de inmediato. A súa impresión, realizada na Coruña pola propia Real Academia Galega, só se levará a cabo en 1964.



Ficha manuscrita de Castelao con anotacións informativas de utilidade para o seu estudio sobre as cruces de pedra.

A lectura deste conciso texto, no que se compendia todo o que ata entón, gráfica, documental e bibliograficamente, fora recollendo Castelao, invita a pensar que o seu traballo de investigación sobre o asunto estaba xa terminado, listo para a súa remisión á imprenta. De feito, no libro, publicado en Santiago no mesmo ano 1934, pero algo máis tarde, exactamente o 29 de setembro, no que se refunden, nun tomiño, as edicións ou libros de 1926 e 1929 de Cousas⁸, alúdese a unha obra de Castelao titulada *As cruces de pedra na Galiza* da que se

di que está no prelo⁹. ¿Era o traballo completo ou unicamente a versión reducida do discurso académico? Descoñecemos a resposta. Só sabemos, en contrapartida, que en 1936, pouco antes do comezo da Guerra Civil, na derradeira sesión celebrada polo Seminario de Estudos Galegos, se acordara, a xulgar pola información recollida pola prensa, editar de inmediato «*el formidable estudio realizado por Castelao en torno a los cruceiros de Galicia*»¹⁰.



Debuxo de Castelao que encabeza as *Verbas limiares de As cruces de pedra na Galiza*.

O inicio da contenda civil e os avatares que, como dramático resultado dela, sufriu a vida de Castelao, truncaron esas expectativas de inmediatez e retrasaron a materialización do proxecto. O 20 de xullo de 1946, xa en Bos Aires, asina Castelao, dando por terminado o seu labor, o crítico *Envío* que se recolle no libro¹¹, unha publicación que aínda terá que esperar moitos meses máis ata ver a luz.

Tutelada por tres íntimos amigos de Castelao, Xosé Núñez Búa, Rodolfo Prada Chamochín e Luis Seoane López, figuras eximias do exilio galego, egrexias nos seus respectivos ámbitos de actuación, a tarefa, por iniciativa de Manuel Puente e coa colaboración do Centro Ourensán de Bos Aires e un nutrido número de persoas, será asumida pola Editorial Nós, culminándoa, nos talleres da imprenta López, tal como se recolle no colofón, o 28 de xuño de 1950, día no que se conmemoraba o 14 aniversario do plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Castelao, sen embargo, non chegou a ver culminado plenamente o seu esforzo de máis dun cuarto de século. Falecera o 7 de xaneiro¹². Días antes do seu pasamento, en decembro de 1949, tirárase o primeiro prego do libro para que el, xa moi enfermo, puidese, polo menos, firmar, como se anota no citado colofón, os destinados ós exemplares «especiais e numerados»¹³.

Texto, ilustracións e láminas de

ALFONSO R. CASTELAO

INFORMATION-SUMMARY redaitouna

EDUARDO BLANCO AMOR,

tradúxo a

G. HENNESSY

EXEMPLAR

10

alf R. Castelao

Sinatura de Castelao nun dos exemplares numerados de *As cruces de pedra na Galiza*.

Non é esta a ocasión axeitada para examinar, a teor do que hoxe sabemos sobre as cruces e cruceiros, sen dúbida moito máis que cando el os estudiaba (pensemos que somos máis os que nos ocupamos deles e, sobre todo, que contamos para iso cuns medios materiais de apoio infinitamente superiores ós que el tivo), as aportacións de Castelao. Por moi cuestionables que sexan actualmente algunhas das súas hipóteses ou propostas -el mesmo era consciente do carácter inconcluso do seu traballo, pedindo, por iso, que outros o completasen, rectificasen e mellorasen con novas contribucións¹⁴-, hai nesa dedicación un feito trascendental, máis importante e incluso máis incontestable que calquera das súas teorías ou opinións: a el lle debemos, en última instancia, a dignificación plena destes monumentos, non sempre ben considerados¹⁵, delimitando a súa intervención un antes e un despois na aproximación á súa materialidade e significación simbólico-conceptual. Por iso, precisamente, as súas obras sobre os cruceiros, para citar só os testemuños máis destacados, son de invocación imprescindible, de inexcusable consulta, e por iso tamén, xustamente, entre un e outros existe a simbiose ou interacción que todos coñecemos e valoramos: dicir cruz e, sobre todo, cruceiro, en Galicia, é pensar dun xeito inmediato en Castelao. Conviremos todos sen dificultade que unha fusión desta natureza, polo menos entre nós, conta con moi escasos paralelos¹⁶.

XOSÉ CARLOS VALLE PÉREZ

Director do Museo de Pontevedra

NOTAS

1.- Sobre as relacións de Castelao co Seminario véxase, dun xeito especial, X. FILGUEIRA VALVERDE, «Castelao e os Estudos Galegos», *Faro de Vigo*, 28-VI-1984, e A. FRAGUAS FRAGUAS, «Castelao e o Seminario de Estudos Galegos», en J. G. BERAMENDI e R. VILLARES, eds., *Actas Congreso Castelao (Santiago de Compostela, 24-29 novembro 1986)*, Tomo I, Santiago, 1989, páxs. 43-48. Para unha valoración global do que este organismo supuxo confróntese, dun modo particular, o Catálogo da exposición conmemorativa do cincuentenario da súa creación, preparada polo Instituto Padre Sarmiento de Estudos Gallegos durante o mes de xullo de 1973, editado en Santiago en 1974, con textos, páxs. 5-18, de X. FILGUEIRA VALVERDE («O que foi o Seminario de Estudos Galegos») e, páxs. 19-28, de A. FRAGUAS FRAGUAS («A exposición»).

2.- A partir deles, pouco a pouco e por lóxica derivación, comezou a interesarse tamén polas cruces en xeral. De aí o título do libro, oportunamente glosado nas citadas verbas limiares. Véxase A. R. CASTELAO, *As cruces de pedra na Galiza*, Buenos Aires, 1949-1950, pág. 8.

3.- *Ibidem*, pág. 8.

4.- Confróntese sobre o Álbum e as súas peripecias, en particular, V. PAZ-ANDRADE, «Castelao, as dúas vidas do Álbum 'Nós'», en *8 artistas do movemento renovador da Arte Galega, II Mostra Antolóxica da Arte Galega, Círculo das Artes de Lugo, Novembro de 1980*, A Coruña, 1980, páxs. 13-22.

5.- «Entre la arqueología y la etnología: las cruces de piedra», en *Castelao, 1886-1950*, Madrid, 1986, páxs. 180-183; «Castelao e as cruces de pedra», en J. G. BERAMENDI e R. VILLARES, eds., *Actas Congreso Castelao...*, cit., Tomo I, páxs. 599-602.

6.- A. FRAGUAS FRAGUAS, «Castelao e o Seminario de Estudos Galegos», cit., páxs. 46-47.

7.- Véxase ó respecto, en particular, o meu «Préface», páxs. 9-15, á edición francesa da obra, publicada en Lorient en 1987 polo *Comité Bretagne-Galice* e o *Centre de Recherche Bretonne et Celtique*. Sobre a viaxe e as súas circunstancias pode consultarse tamén «A viaxe a Bretaña de Castelao», de X. FILGUEIRA VALVERDE, en *Cuarto Adral. Castelao na lembranza*, A Coruña, 1987, páxs. 154-161.

8.- Publicáronse os dous na Coruña, o primeiro pola Editorial Lar e o segundo pola Editorial Nós.

9.- Comparten o apartado, inserido na que en realidade, aínda que sen numerar, é a páxina 4, as obras *Retrincos e Pimpinela*.

10.- A. FRAGUAS FRAGUAS, «Castelao e o Seminario de Estudos Galegos», cit., páxs. 47-48. En calquera dos casos, o texto que finalmente se publica non é o que se pondera nesta referencia do Seminario. Dedúcese esa disparidade non só da existencia do orixinal mecanografado, ultimado, como no seu *Envío* se indica, en Bos Aires en xullo de 1946 (véxase o texto), senón tamén do feito de que algún dos papeis-cuartillas concretamente- utilizados por Castelao na redacción manuscrita previa deste estudio que se publicaría anos máis tarde (o que se coñece deste orixinal, incompleto, como se di noutro lugar deste Catálogo, custódíase no Museo de Pontevedra) leva o membrete dun hotel estadounidense, o Colombo de San Francisco (California), o mesmo que encontramos en dúas ocasións na primeira versión manuscrita de *Os vellos non deben de namorarse*, hoxe no Museo de Pontevedra, ou como soporte de debuxos e anotacións diversas existentes na mesma institución, tamén de moi recente incorporación, o que obriga a datar a súa execución, como mínimo, con posterioridade ó 13 de xullo de 1939, día no que, no transcurso da súa segunda estancia nos Estados Unidos, chegou Castelao a esa cidade, da que marcharía a finais do mes, segundo indica V. PAZ-ANDRADE, *Castelao na luz e na sombra*, A Coruña, 1982, páxs. 411-413. Quere isto dicir, pois, que, trala súa saída de España, Castelao seguiu traballando sobre os cruceiros, revisando, retocando ou reestructurando o nutrido material que recollera antes de 1936.

En relación co que estou sinalando, cómpre recordar que o feito de que na portada da versión mecanografada da obra figure unha referencia expresa ó Seminario de Estudos Galegos debe interpretarse, a teor do escrito e tamén do que se desprende da súa lectura, como unha mostra da súa permanente fidelidade, máis alá das circunstancias, a esa venerable institución. A inserción do seu logotipo no libro finalmente impreso corrobóroa dun xeito incuestionable.

11.- Páx. 177.

12.- Véxase, en último término, «Acontecimientos biográficos relevantes», en *Castelao, 1886-1950*, cit., páxs. 223-231, en especial páx. 231.

13.- O Museo de Pontevedra posúe, asinado por Castelao, o exemplar número 10.

14.- *As cruces de pedra na Galiza*, cit., páx. 9.

15.- Véxanse algunhas opinións, entre elas a de D^a. Emilia Pardo Bazán, *Ibidem*, páxs. 99-100.

16.- Para unha valoración global da investigación de Castelao sobre os cruceiros véxanse, en particular, os traballos da miña autoría citados nas notas 5 e 7 e tamén a voz «Cruceiros» da *Gran Enciclopedia Gallega*, Tomo VIII, páxs. 49-55.

A EXPOSICIÓN


Está preparada a mostra á que completa e complementa este catálogo exclusivamente con fondos do Museo de Pontevedra. Ten como finalidade esencial conmemorar o cincuentenario da impresión en Bos Aires do primeiro prego de *As cruces de pedra na Galiza*. Componse de catro apartados.

1.- AS CRUCES DE PEDRA NA OBRA DE CASTELAO.

Integran esta sección diversos traballos nos que as cruces e, fundamentalmente, os cruceiros, teñen un protagonismo ou unha presenza moi especial.



A casa do cruceiro
Óleo / cartón (37 x 41 cm)



Cruceiro
Augada / papel (33 x 26,5 cm)

2.- AS CRUCES DE PEDRA NA BRETAÑA.


Exhíbense neste apartado, por un lado, unha escolma de debuxos integrantes do chamado *Álbum de Bretaña* (inéxito aínda como un todo, áchase nestes momentos en proceso de impresión), e, por outro, unha copia en castelán, sen fotos, da Memoria, xustificativa da bolsa que lle concedera, remitida á *Junta para Ampliación de Estudios*. Correspóndese este texto, con escasas modificacións, que en calquera caso non afectan a cuestións de entidade, co publicado en 1930 e por iniciativa do Seminario de Estudos Galegos, en lingua galega, en

Castelao e

Pontevedra. Lamentablemente, non posúe o Museo, a pesar dos repetidos intentos realizados nese sentido, ningún dos 151 debuxos que aparecen nesa versión impresa.



Folla pertencente ó Álbum de Bretaña de Castelao.



Folla pertencente ó Álbum de Bretaña de Castelao.

3.- AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA.


Conforman este capítulo, o esencial da exposición, un conxunto de materiais, excepcionais, que se mostran como un todo, publicamente, por primeira vez: fichas e anotacións de Castelao previas á confección do estudio; parte do manuscrito da primeira versión da redacción defi-

nitiva da obra (descoñecemos a localización actual do que falta); o texto ultimado do traballo xa mecanografado e correxido á man polo autor e, finalmente, a totalidade das fotografías e dos debuxos que con el se publicaron. Este valioso depósito foi doado ó Museo de Pontevedra en 1990 polos herdeiros dun dos seus máis xenerosos mecenas, Álvaro Gil Varela, amigo persoal de Castelao, de quen, ben directamente ou a través dos seus familiares máis próximos, proceden os restantes orixinais que se expoñen.

Limiar
fornecido no


Cando ingresei no "Seminario de Estudos Galegos" somentes ~~foron~~ ofrecéronme algunhas páxinas de prosa e varios centos de caricaturas e deseños: froitos da miña sensibilidade artística ^{ou} e da miña paixón patriótica. Parecíame pouca cousa para entrar no seo dunha familia de investigadores, e quixen ofrecerlle ao acervo cultural da nosa Institución algún traballo que xustificase o favor que me dispensaron. Entón enfíci os ollos e o pensamento cara un aspecto da arte popular, aínda non encetado por ninguén: os cruces ^{galegos}. E despois de moitos traballos e de moitas axudas decídome a dar xa por rematado ^{un} estudo que outros poderán completar, ^{rectificar} e mellorar con novas aportacións.

Limiar manuscrito de Castelao da primeira versión da redacción definitiva de *As cruces de pedra na Galiza*.




Cuberta do texto definitivo, mecanografado e correxido á man por Castelao, de *As cruces de pedra na Galiza*.

Debe engadirse ó xa reseñado neste capítulo a presenza de dous textos, manuscrito un, mecanografado o outro, sobre os cruceiros en Galicia. Corresponde o segundo, practicamente idéntico ó do seu discurso de ingreso na Real Academia Galega (as discrepancias son mínimas e sen trascendencia algunha), a unha conferencia pronunciada o 3 de abril de 1935 en Oporto. O primeiro está datado en Nova York no mes de maio de 1940. Pode tratarse tanto do texto dunha conferencia como dunha síntese sobre o tema destinada á súa publicación. Non temos datos definitivos a favor de ningunha das opcións posibles.



Páxina do texto mecanografado e correxido á man por Castelao de *As cruces de pedra na Galiza*.



Cuberta, con texto manuscrito de Castelao, da conferencia pronunciada en Oporto sobre *Os cruceiros na Galiza* o 3 de abril de 1935.

← 10 cm →


Os cruceiros

As cruces outas de pedra foron nadas na Irlanda recién evangelizada - cando esta illa sirveu de acorro inespunible á Igrexa católica, fendida pol-as invasións - e de feito estes moimentos non son máis que unha asimilación cristián do fíto de pedra, obxecto de cultos antergos, (sábese que o mesmo San Patricio arrefeitou un antigo men-hir e trocouno en cruz). No repertorio das cruces irlandesas i escocesas resurde a presenza de figuras esculpidas -encorante anticipo da escultura moimental-; mais o xeito enxebre reside nas formas de trenzados decorativos - derivacións d-un longo proceso técnico do tecido -. A arte celta chegou a Galiza e óllase claramente nas cruces que coraan as nosas igrejas románicas. Estas cruces aparecen inscriptas no circo, entrelazadas con él ou acabadas de ceibarse da ~~parte~~^{cadea} circular, com-os radios libres d-unha roda. Decote aparecen arriba d-un año debruzado - Agnus-Dei - e semellante particularidade ten precedentes na arte celto-cristián dos primeiros tempos; pero en Galiza presenta características únicas i escusivas, non somentes ao perpetuarse un simbolismo condenado pol-os decretos do Concilio in Trullo, senón porque o año místico aparece arreo con grandes cornos, trocado en carneiros, o cal ten un outro valor simbólico cando se interpreta á luz das nosas creencias populares. Con todo estas cruces non son aínda o antecedente dos cruceiros.


Fálase moito das cruces outas de pedra como trasposición d-un antigo culto da pedra; mais eu crees que o feito de ver un me-

4.- BIBLIOGRAFÍA.


Exhíbense testemuños de tódolas edicións realizadas ata 1999 dos libros e folletos de Castelao relacionados coas cruces de pedra. Debe salientarse a presenza dun exemplar da primeira edición de *As cruces de pedra na Galiza* co prego inicial asinado polo propio autor pouco antes de morrer.




Cuberta da primeira edición de *As cruces de pedra na Galiza*.




Cuberta da primeira edición de *As cruces de pedra na Bretaña*.




Cuberta do discurso de ingreso de Castelao na Real Academia Galega.




Detalle dos debuxos orixinais da Fig. 29, a) de *As Cruces de pedra na Galiza*.



Detalle dos debuxos orixinais da Fig. 65,a) de As Cruces de pedra na Galiza.



Debuxos orixinais da Fig. 69,b) de *As Cruces de pedra na Galiza*.





Detalle dos debuxos orixinais da Fig. 70 de *As Cruces de pedra na Galiza*. Ó pé aparece unha nota do autor que di: «Esta Fig. debe reproducirse nunha páxina par, ao lado da Fig. 71, para que ambas se poidan ver e comparar». A mencionada ilustración corresponde ós debuxos do mesmo tema tomados en Bretaña.



Debuxos orixinais da Lám. VIII de *As Cruces de pedra na Galiza*.

Debuxos orixinais da Lám. XVI
de *As Cruces de pedra na Galiza*.



Debuxos orixinais da Lám. LXXIV
de *As Cruces de pedra na Galiza*.



DEPUTACIÓN DE
PONTEVEDRA



MUSEO DE
PONTEVEDRA

GA/ 10